

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>



FORMACIÓN 2011

**Avaliación da satisfacción coa
formación impartida pola EGAP no
ano 2011**

Índice xeral

I. Presentación

II. Valoracións do alumnado

III. Valoracións do persoal docente

IV. Conclusións

Presentación

A **satisfacción das persoas usuarias** constitúe un obxectivo e tamén un resultado da tarefa formativa que desenvolve a Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Dende esta perspectiva a avaliación da satisfacción e da calidade percibida está a converterse nunha **preocupación permanente na prestación dos servizos da EGAP**. A información que proporcionan os usuarios e usuarias é unha ferramenta de máxima utilidade para coñecer e diagnosticar de xeito máis atinado as necesidades e expectativas da poboación destinataria dos servizos e a posterior toma de decisións orientada a súa satisfacción.

A avaliación da formación configúrase como unha actividade inherente da Escola e imprescindible para levar a cabo unha adecuada programación, consonte o Decreto 175/2010, do 14 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da EGAP (DOG núm. 205, do 25 de outubro de 2010).

A comezos de 2011, e por primeira vez na súa historia, a EGAP publicaba na súa páxina web os resultados das valoracións emitidas polo alumnado e polo persoal docente respecto das actividades de formación desenvolvidas no 2010. Neste documento **continuamos o traballo iniciado** e resumimos os principais resultados das enquisas realizadas ao longo do ano 2011.

O deseño metodolóxico que deu lugar aos resultados que aquí se relacionan preséntase baixo a denominación de **Sistema Integral de Avaliación da Calidade (SIAC)**, ao entender que resulta imprescindible coñecer a opinión de todos os **axentes implicados** no proceso formativo da EGAP e de todas as **modalidades de formación**.

Coa información obtida, extráense algunhas recomendacións que serán introducidas na elaboración do plan formativo da Escola cara ao futuro. Esta análise tamén permite identificar aspectos concretos da formación que poderían modificarse no marco do compromiso da Escola coa Excelencia e no avance no camiño da mellora continua na prestación dos seus servizos.

O **obxectivo deste informe** é, polo tanto, o de **comunicar** os niveis de satisfacción acadados pola Escola no ano 2011, e ao mesmo tempo, **aportar ideas** sobre aqueles aspectos que poderíanse mellorar na planificación, xestión e realización dos cursos.

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>



FORMACIÓN 2011

**Avaliación da satisfacción coa formación
impartida pola EGAP no ano 2011**

VOLUME I: VALORACIÓNS DO ALUMNADO

Índice de contidos

I. Satisfacción do alumnado cos cursos

II. Motivos para facer os cursos

III. A calidade da formación presencial

III.I. Valoración dos cursos

III.II. Valoración dos docentes

IV. A calidade da teleformación

IV.I. Valoración dos cursos

IV.II. Valoración dos titores

IV.III. Valoración dos xestores

I. Satisfacción cos cursos

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

390


8.686



Presencial
Teleformación

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**



A maioría do alumnado (83%) amósase satisfeito cos cursos realizados na EGAP: a metade dos alumnos/as que participaron nunha actividade formativa considérase “moi satisfeito” e 1 de cada 3 está “bastante” satisfeito co curso realizado.


Media 4,25

Base: 8.686 enquisas
NS/NC = 133 (1,5%)

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**



Os elevados niveis de satisfacción rexístranse tanto nas actividades de carácter presencial coma nas de teleformación, sen apenas variacións entre ambas modalidades: en ambos casos, a metade dos alumnos/as declara estar “moi satisfeito”.




Medias **4,28** **4,23**

Escala de resposta 1 a 5

Base: 8.686 enquisas
NS/NC = 133 (1,5%)

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso



Os distintos destinatarios da actividade formativa da EGAP- persoal da Administración autonómica, local e de xustiza- **presentan un elevado nivel de satisfacción** coa formación recibida. Non se observan diferenzas significativas entre eles.

Medias 4,24 4,25 4,30

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**

Destinatario	Modalidade	Media	Respostas
Admón. Autonómica	Presencial	4,3	1.875
	Teleformación	4,2	4.855
Admón. Local	Presencial	4,3	583
	Teleformación	4,2	700
Admón. Xustiza	Teleformación	4,3	506
Total	Presencial	4,3	2.458
	Teleformación	4,2	6.061

O alumnado dos cursos da EGAP amosa un **elevado grao de satisfacción** coa acción formativa e **non se rexistran diferenzas en función da Administración** á que pertence o alumnado -Administración autonómica, local ou de xustiza-. O nivel de satisfacción coa formación presencial supera lixeiramente á satisfacción coa formación *on line* entre o persoal da Administración autonómica e o da Administración local

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**

Área temática	Media	Respostas
Dirección e xerencia pública	4,2	171
Economía e finanzas	3,9	261
Recursos humanos	4,2	265
Proceso de traballo	4,3	3.019
Normativa e organización autonómica	4,1	925
Específicas do sector competencial	4,2	1.000
Idiomas	4,4	1.119
Coñecementos transversais	4,4	1.779
Outros	4,0	14
Total	4,3	8.553

En canto á puntuación media de satisfacción, destacan as **excelentes valoracións** das actividades enmarcadas en **“idiomas” (4,4)**, **“coñecementos transversais” (4,4)** e **“proceso de traballo” (4,3)**, que son ademais as **áreas que concentran o maior número de actividades formativas** e polas que a EGAP está a apostar decididamente.

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**

Destinatarios	Promotor	Media	Respost.
Persoal da Admón. autonómica	EGAP	4,24	4.612
	Consellerías	4,25	2.118
Total		4,24	6.730


O nivel de satisfacción por parte do alumnado **coa formación deseñada pola EGAP e coa promovida polas distintas consellerías** sitúase en parámetros similares. A formación deseñada pola EGAP presenta un carácter máis xeral, mentres que a segunda é máis específica e responde ao diagnóstico de necesidades de formación que realizan as propias consellerías. Na seguinte diapositiva poden consultarse os resultados para a formación promovida por cada unha das consellerías.

Base: 6.843 enquisas
NS/NC = 113 (1,7%)

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**



Base: 6.843 enquisas
NS/NC = 113 (1,7%)

Escala de resposta 1 a 5

II. Motivos para hacer os cursos

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

390


8.686



Presencial
Teleformación

Motivacións para facer os cursos

Valore do 1 a 5 os motivos que lle levaron a participar nesta actividade formativa




A principal motivación para realizar os cursos é a de “axudar a mellorar a miña formación” (4,6), se ben outros motivos como “mellorar a calidade do meu traballo” ou “actualizar a miña formación” tamén teñen relevancia (4,1 ambos). A obtención de “puntos para concursos internos e promocións” é o motivo de menor importancia para o persoal que realiza cursos na EGAP (3,7); de xeito que queda patente a vontade de mellorar a cualificación e o desempeño profesional.

Base: 8.686 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Motivacións para facer os cursos

Valore do 1 a 5 os motivos que lle levaron a participar nesta actividade formativa



Tanto nas actividades presenciais coma nas de teleformación, o alumnado resalta en maior medida a motivación de “axudar a mellorar a formación”.


Os alumnos/as da formación presencial (3,3) atribúen menos importancia que os da teleformación (3,8) ao obxectivo de “obter puntos para concursos internos e promocións”

Base: 8.686 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Motivacións para facer os cursos

Valore do 1 a 5 os motivos que lle levaron a participar nesta actividade formativa



Entre o persoal da Administración local, destaca a importancia das motivacións relacionadas coa mellora no traballo: “actualizar a formación adaptándoa ás esixencias ou cambios” (4,4) ou “mellorar a calidade do meu traballo” (4,4). Este persoal é o que concede unha menor importancia a “obter puntos para concursos internos e promoción”

Escala de resposta 1 a 5

III. Formación presencial

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

189

2.582




Presencial

Teleformación

III.1 Valoración dos CURSOS Formación presencial

Valoración dos cursos presenciais

En conxunto estou **satisfeito** de ter feito este curso



Máis do **95%** dos alumnos/as que participaron nunha actividade formativa de carácter presencial **están satisfeitos** co curso realizado. Máis aínda, a **metade** do alumnado describe a experiencia coa máxima valoración posible, isto é, “**moi satisfeito**”.


Base: 2.582 enquisas
 NS/NC = 90 (3,5%)

Media 4,28

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos cursos presenciais

Considera que a **duración** do curso foi...






Preto do 70% dos alumnos/as considera que a duración do curso foi **axeitada**.

Un 23% estima que a duración foi “demasiado curta”.

Base: 2.582 enquisas
NS/NC = 152 (5,9%)

Escala de resposta 1 a 5



Valoración dos cursos presenciais



O proceso de **inscrición e matrícula** presenta **valoracións moi altas** por parte do alumnado, cun **92%** de alumnos/as que afirma estar **“de acordo”** ou **“moi de acordo”** con que aquel resultoulle **claro e sinxelo**.

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos cursos presenciais







9 de cada 10 alumnos/as das actividades presenciais opinan que os **contidos dos cursos axustáronse aos obxectivos** dos mesmos.




Para o **77%** o nivel no que se afondou nos contidos foi o axeitado.

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos cursos presenciais



Valoración dos cursos presenciais



Máis do **80%** dos alumnos/as está **“de acordo”** ou **“moi de acordo”** con que o curso **resultoulle interesante** e **mellorou a súa formación**. Ademais, **2 de cada 3** alumnos/as opinan que os **coñecementos** adquiridos **serán aplicables** ao seu posto.

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos cursos presenciais

	Media	Respostas
En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso	4,28	2.492
O proceso de inscrición e matrícula no curso foi claro e sinxelo	4,51	2.500
A organización do curso foi axeitada (información previa, horario, resolución de incidencias ...)	4,12	2.493
As instalacións onde se impartiu o curso reunían as condicións adecuadas para o seu desenvolvemento	3,84	2.549
Os contidos impartidos axustáronse aos obxectivos do curso...	4,23	2.556
O nivel de profundidade no tratamento dos contidos foi axeitado	4,07	2.551
O balance entre contido teórico e práctico foi axeitado	3,92	2.503
No curso empregáronse materiais que axudaron a seguir o seu contido	3,79	2.537

Base: 2.582 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

Valoración dos cursos presenciais

	Media	Respostas
Os materiais didácticos utilizados no curso foron os apropiados (actualizados, completos, comprensibles, ...)	3,87	2.528
Os medios técnicos (pantallas, proxectores, TV, ordenadores, software, ...) foron suficientes para o desenvolvemento do curso	4,03	2.548
Os medios técnicos funcionaron correctamente durante o curso	4,02	2.530
Este curso mellorou a miña formación	4,20	2.478
Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade	3,75	2.466
Este curso resultoume interesante	4,27	2.502

Base: 2.582 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)


EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

III.1 Valoración dos DOCENTES Formación presencial

Valoración dos docentes presenciais

Expón con claridade os contidos do curso



O 95% dos alumnos/as amósanse de acordo con que o docente “expón con claridade os contidos do curso”.

Sobre a escala de respostas de 1 a 5 que se emprega neste estudo, o persoal docente das actividades presenciais acada a cualificación **4,2** na súa **capacidade expositiva**.


Media 4,18

Base: 8.338 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais

Motiva e esperta o interese dos asistentes polas materias que imparte



O 93% do alumnado concordan con que o profesor/a **motiva e esperta o interese** dos asistentes polas materias que imparte.

En termos de media, o corpo de docentes obtén unha valoración de **4,1** no indicador de motivación e capacidade para espertar o interese do alumnado.


Media 4,08

Base: 8.334 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais

Resolve eficazmente as dúbidas dos asistentes



O 95% das respostas do alumnado da formación presencial apunta que o profesor/a **resolve eficazmente as dúbidas** dos asistentes. O **47%** está **moi de acordo** con esta afirmación.


Media 4,21

Base: 8.261 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais

Cumpre axeitadamente o horario establecido



Para a práctica **totalidade** das respostas (98%) “o profesor/a **cumpre axeitadamente o horario** establecido”. E o 62% está moi de acordo co esta afirmación


Media 4,48

Base: 8.302 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais

Valoración global do/a profesor/a



En canto á **valoración global dos docentes**, as puntuacións máis altas -**4 ou 5**- concentran o **81%** das respostas.


A **valoración media** que os alumnos/as outorgan aos docentes da formación presencial é de **4,2**.

Media 4,19

Base: 8.318 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais



Escala de resposta 1 a 5

IV. Teleformación

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

201

6.104



Presencial
Teleformación

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

IV.1 Valoración dos CURSOS Teleformación




Escola Galega de
Administración
Pública



XUNTA DE GALICIA

Valoración da teleformación

En conxunto estou **satisfeito** de ter feito este curso



O **83%** dos alumnos/as está **“bastante”** ou **“moi satisfeito”** coas actividades realizadas na modalidade de teleformación. O **49%** declara estar **moi satisfeito/a** coa realización do curso.


Media 4,23

Escala de resposta 1 a 5

Base: 6.104 enquisas
NS/NC = 43 (0,7%)

Valoración da teleformación

Considera que a **duración** do curso foi...




O 72% dos/as alumnos/as dos cursos de teleformación opina que a **duración do curso é “axeitada”**. Un 16% estima que foi “demasiado curta”.


Base: 6.104 enquisas
NS/NC = 269 (4,4%)

Valoración da teleformación


A inscrición no curso resultoume sinxela




Os contidos do curso resultáronme comprensibles






Os exercicios e supostos prácticos propostos teñen aplicabilidade práctica



As actividades melloraron a comprensión e aprendizaxe da materia






Valoración da teleformación



A maioría dos alumnos/as está “de acordo” ou “moi de acordo” con que lles facilitaron **información suficiente** sobre o modo de traballar no curso (83%), sobre o funcionamento da plataforma (85%) e sobre o sistema de avaliación (81%).


Valoración da teleformación




Para **7 de cada 10** alumnos/as o curso desenvolveuse sen problemas técnicos. 3 de cada 4 alumnos/as está “de acordo” ou “moi de acordo” con que lle ofreceron solucións eficaces para resolver problemas técnicos e con que o servizo de soporte técnico resolveu os problemas.

Valoración da teleformación


A navegación a través do curso é sinxela




O manexo das diversas ferramentas é sinxelo






As ferramentas complementarias (glosario, foro, lecturas...) son suficientes e de calidade



Non necesitei instalar outras aplicacións ou programas para poder visualizar o curso






Valoración da teleformación



A maioría expresa o seu acordo con que a metodoloxía formativa posibilita a **flexibilidade** e a **autoorganización da aprendizaxe**. O 88% dos/as alumnos/as está “de acordo” ou “moi de acordo” con que durante o curso se lle permitiu **interactuar cos outros alumnos/as e co titor/a**.

Valoración da teleformación



8 de cada 10 alumnos/as dos cursos *on line* está de acordo ou moi de acordo con que o curso lle serviu para mellorar a súa formación e **7 de cada 10** expresa o mesmo nivel de acordo en canto a que o curso lle resultou motivador e interesante. **Máis da metade** (54,2%) considera que os coñecementos terán **aplicabilidade no seu posto de traballo**.

Valoración da teleformación

	Media	Respostas
A inscrición ao curso resultoume sinxela	4,62	6.038
Os contidos do curso resultáronme comprensibles	3,98	6.082
Os exercicios e supostos prácticos propostos teñen aplicabilidade práctica	4,18	6.047
As actividades melloraron a comprensión e aprendizaxe da materia	4,03	6.070
Facilitáronme información suficiente sobre o funcionamento da plataforma	4,33	5.999
Facilitáronme información suficiente sobre o modo de traballar no curso	4,29	6.004
Déronme información suficiente sobre o sistema de avaliación	4,19	6.047

Base: 6.104 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

Valoración da teleformación

	Media	Respostas
O curso desenvolveuse sen problemas técnicos	3,92	6.026
Ofrecéronme solucións eficaces para resolver problemas técnicos	4,00	5.144
O servizo de soporte técnico do curso resolveu todos os meus problemas adecuadamente	3,95	5.079
A navegación a través do curso é sinxela	4,00	6.043
O manexo das diversas ferramentas é sinxelo	4,10	6.051
As ferramentas complementarias (glosario, foro, lecturas...) son suficientes e de calidade	3,83	5.959
Non necesitei instalar outras aplicacións ou programas para poder visualizar o curso	4,01	6.021

Base: 6.104 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

Valoración da teleformación

	Media	Respostas
A metodoloxía formativa proposta permitíume autoorganizar o meu proceso de aprendizaxe	4,16	6.060
Ofrecéuseme flexibilidade á hora de abordar os contidos	4,31	6.038
Durante o curso permitíuseme interactuar cos outros alumnos e titor/es	4,41	5.990
Alcancei os obxectivos formulados no curso	4,03	5.995
Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade	3,47	5.984
O curso pareceume motivador e interesante	3,89	6.077


Base: 6.104 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

IV.11 Valoración dos TITORES Teleformación

Valoración dos titores de teleformación

O titor **motivoume e apoioume** ao longo de todo o curso



En **9 de cada 10** casos, os alumnos/as consideran que o **titor/a os motivou e apoiou ao longo do curso**, o que representa un importante respaldo á labor de seguimento e motivación desempeñada polos responsables da titorización.


Media 4,13

Base: 7.958 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación

Realizou un **USO** adecuado das **ferramentas complementarias** do curso (dinamización de foros, chats, etc.).



O nivel de acordo para a cuestión de que os **titores/as fan uso axeitado das ferramentas complementarias** destinadas á dinamización das aulas acadada o **91%**.


Media 4,08

Base: 7.843 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación

Resolveu adecuadamente todas as miñas dúbidas



En **9 de cada 10 casos**, a valoración emitida é que os titores/as da EGAP están a **resolver axeitadamente as dúbidas** formuladas. **A metade** está **“totalmente de acordo”** con esta afirmación.


Media 4,10

Base: 7.281 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación

Respondeu aos meus correos no tempo establecido



No **91%** dos casos o alumnado considera que as súas **dúvidas obtiveron resposta por parte dos titores dentro do prazo establecido**. Un **56%** está **“totalmente de acordo”** con esta afirmación.


Media 4,20

Base: 7.197 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación

Proporcioneume **información** clara e completa sobre os resultados da miña **avaliación**




A información que recibiron os alumnos/as por parte do titor/a acerca dos resultados da súa avaliación resulta **satisfactoria no 94% dos casos** . Un **55%** está **“totalmente de acordo”** con que esa información era clara e completa.

Media 4,29

Base: 8.015 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración global do titor/a



A valoración máis frecuente dos titores e titoras da teleformación é o 5, isto é, o valor máximo da escala, a segunda valoración máis recorrente é o 4, o que significa que **un 83% das respostas ofrece unha valoración moi favorable** da labor titorial.

Media 4,24

Base: 8.149 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación




Escala de resposta 1 a 5

IV.III Valoración dos XESTORES Teleformación

Valoración dos xestores de teleformación

O xestor **motivoume e apoioume** ao longo de todo o curso



9 de cada 10 alumnos/as dos cursos *on line* da EGAP consideran que o xestor/a o motivou e apoiou ao longo de todo o curso. Cabe destacar a boa labor de apoio ao alumnado que realizan os xestores/as dos cursos de teleformación.


Media 4,22

Base: 6.104 enquisas
NS/NC = 425 (7,0%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos xestores de teleformación

Resolveu adecuadamente as miñas dúbidas relativas á organización e planificación



A gran maioría dos alumnos/as dos cursos de teleformación coinciden en que os xestores/as resolveron adecuadamente as dúbidas acerca da organización e planificación do curso.


Media 4,19

Base: 6.104 enquisas
NS/NC = 840 (13,8%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos xestores de teleformación

Respondeu aos meus correos no tempo establecido



Máis da metade do alumnado está **totalmente de acordo** en que os xestores/as responderon aos seus correos no tempo establecido.


Media 4,24

Base: 6.104 enquisas
NS/NC = 1.018 (16,7%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos xestores de teleformación

Proporcioneume **información** clara e completa sobre os avances do meu **traballo**




A información que recibiron os **alumnos/as** por parte do xestor/a acerca dos resultados da súa avaliación resulta **satisfactoria no 92% dos casos** . Un **54%** está **“totalmente de acordo”** con que esa información era clara e completa.

Media 4,23

Base: 6.104 enquisas
NS/NC = 602 (9,9%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración global do xestor/a



A gran maioría do alumnado concede unha **valoración positiva da labor do xestor/a**. Máis da metade dos alumnos/as conceden a puntuación máxima de 5 á labor do persoal encargado da xestión dos cursos de teleformación.

Media 4,29

Base: 6.104 enquisas
 NS/NC = 407 (6,7%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos xestores de teleformación



Escala de resposta 1 a 5

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>



FORMACIÓN 2011

**Avaliación da calidade da formación
impartida pola EGAP no ano 2011**

**VOLUME II: VALORACIÓNS DO PERSOAL
DOCENTE**

Índice de contidos

I. Autoavaliación

II. Valoración do curso

III. Valoración da EGAP

I. Autoavaliación

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

315

566




Presencial

Teleformación

Autoavaliación

Que **puntuación global** lle daría á súa **labor docente**?



A inmensa maioría dos docentes da EGAP amosa unha **valoración positiva da súa labor**, de xeito que o 92% a valora como “boa” ou “moi boa”. 7 de cada 10 cualifica a súa labor docente como “boa”.


Media 4,14

Base: 566 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Autoavaliación

Que **puntuación global** lle daría á súa **labor docente**?



Máis de 9 de cada 10 docentes valora a súa labor como “boa” ou “moi boa”, tanto na teleformación (93%) coma na formación presencial (91%).


Medias 4,14 4,14

Base: 566 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Autoavaliación

Valore de 1 a 5 cada un dos seguintes aspectos da súa **labor como docente** deste curso




A preparación previa dos contidos e o fomento da participación dos alumnos/as son os aspectos mellor valorados polos propios docentes á hora de avaliar a realización do seu traballo.

Base: 566 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Autoavaliación

Valore de 1 a 5 cada un dos seguintes aspectos da súa **labor como docente** deste curso



Os docentes da formación presencial valoran cun 4,5 a súa labor de “preparación previa dos contidos” das actividades formativas.

II. Valoración do curso

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

315

566




Presencial

Teleformación

Valoración do curso

Que **puntuación global** lle daría **ao curso**?



O **93%** dos docentes da EGAP outorga unha **puntuación global “boa” ou “moi boa”** ao curso impartido. Máis de **1 de cada 3** cualifica a actividade formativa como **“moi boa”**.


Media 4,27

Escala de resposta 1 a 5

Base: 566 enquisas

Valoración do curso

Que **puntuación global** lle daría **ao curso**?



Se atendemos á modalidade de impartición, o **39%** dos **titores/as** de teleformación asignan unha puntuación de **“moi boa”**, fronte ao **32%** dos **docentes** da formación presencial.

Medias

4,24


4,33

Base: 566 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Contidos vs. duración

Considera vostede que a **relación** entre os **contidos** e a **duración** do curso é...?




O **84%** dos docentes que impartiron ou titorizaron actividades formativas da EGAP ao longo de 2011 considera que os cursos realizados teñen unha **duración axeitada**. Un **14%** estima que o curso foi demasiado curto.

Base: 566 enquisas

Contidos vs. duración

Considera vostede que a **relación** entre os **contidos** e a **duración** do curso é...?




Entre os titores/as de actividades de **teleformación**, a porcentaxe dos que consideran **“adecuada”** a relación entre a duración e os contidos acadada o **88%**. A **demanda dunha maior duración dos cursos** está máis presente no caso dos docentes das **actividades presenciais (17%)**, con 7 puntos porcentuais de diferenza respecto aos titores/as *on line*.

Base: 566 enquisas

Logro dos obxectivos

Pensa vostede que se **cumpriron os obxectivos** marcados ao principio do curso?




Segundo a valoración dos docentes, **todas as actividades de formación acadaron os obxectivos establecidos** e nun **78%** dos casos eses obxectivos cúmprense **“totalmente”**. Para o restante 21%, os obxectivos foron acadados cando menos **“parcialmente”**.

Base: 566 enquisas

Logro dos obxectivos

Pensa vostede que se **cumpriron os obxectivos** marcados ao principio do curso?




O nivel de **cumprimento total dos obxectivos establecidos** é lixeiramente **superior** no caso da **teleformación** (81%), o que representa un cambio respecto aos resultados para 2010, cando o grao de cumprimento dos obxectivos era, segundo a valoración dos docentes, algo superior na formación presencial.

Base: 566 enquisas

Valoración do alumnado

Sinale o grao de adecuación de cada un dos seguintes aspectos relacionados cos **asistentes ao curso**




Base: 566 enquisa

Escala de resposta 1 a 5

Valoración do alumnado

Sinale o grao de adecuación de cada un dos seguintes aspectos relacionados cos **asistentes ao curso**



Base: 566 enquisa

Escala de resposta 1 a 5

III. Valoración da EGAP

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

315


566



Presencial
Teleformación

Valoración da EGAP

A EGAP respondeu de xeito eficaz e áxil ante as súas **peticións**?




O 100% dos docentes das actividades presenciais confirma que a **Escola** respondeu de xeito eficaz e áxil ante as súas **peticións**.

Base: 566 enquisa

Valoración da EGAP

A EGAP respondeu de xeito eficaz e áxil ante as **peticións dos alumnos?**




A totalidade dos docentes presenciais (100%) e a práctica totalidade dos titores/as de teleformación (99%) coinciden en que a **EGAP respondeu eficaz e axilmente ante as peticións dos alumnos/as.**

Base: 566 enquisa

Valoración da EGAP

A EGAP respondeu de xeito eficaz e áxil ante os **imprevistos**?



O **100%** dos docentes de actividades presenciais e o **97%** dos titores/as de teleformación confirman que a EGAP **respondeu dun xeito eficaz e áxil ante os imprevistos** que tiveron lugar durante o desenvolvemento das actividades formativas.

Base: 566 enquisa

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

Conclusións



Escola Galega de
Administración
Pública



XUNTA DE GALICIA

Por qué se fan os cursos da EGAP...

- A principal **motivación** para realizar os cursos responde máis a intereses de carácter **vocacional** (mellorar os coñecementos) que **utilitarista** (promoción interna). Deste xeito, a opción de obter de puntos para a promoción é a menos importante para o alumnado como motivo para realizar os cursos, por detrás do interese por mellorar a calidade do traballo ou a actualización dos coñecementos.
- Segundo a modalidade na que se imparten, os cursos de **teleformación** responden en maior medida á **motivación de obter puntos para concursos internos**, mentres que os cursos de carácter máis **vocacional axúntanse mellor á modalidade presencial**. Isto resulta coherente co feito de que os cursos presenciais xeran uns custos económicos e de tempo maiores cos cursos *on line* polo que requiren dunha motivación intrínseca superior.
- O **persoal da Administración local** apunta, en maior medida que os destinatarios das outras administracións, que **o motivo menos importante para a realización do curso é a da promoción interna**. Ademais, amosan unha **puntuación lixeiramente superior** en canto ás **razóns de mellorar a calidade do traballo e actualizar os coñecementos para a adaptación ao cambio**.

Satisfacción co noso traballo...

- Os alumnos/as amosan uns **altos índices de satisfacción cos cursos** (media 4,3 sobre 5), xa sexan cursos presenciais ou de teleformación, ou destinatarios da administración autonómica, local ou de xustiza.
- Oito de cada dez alumnos dos cursos presenciais e sete de cada dez nos de teleformación están **de acordo o moi de acordo con que o curso lles resultou motivador e interesante**. A maioría dos alumnos/as dos cursos presenciais e de teleformación consideran que o curso realizado **mellorou a súa formación**.
- Ao segmentar segundo a **área de coñecemento** á que pertence o curso, o alumnado amósase lixeiramente máis satisfeito cos cursos de **idiomas, coñecementos transversais** e os integrados na área de **procesos de traballo**.
- A satisfacción cos cursos das **consellerías** e da **EGAP** acadan parámetros moi similares. Así se recoñece o **esforzo** realizado tanto polas consellerías como pola Escola **para ofrecer cursos que se axusten ás necesidades dos seus alumnos/as** xa sexa en contidos cun carácter máis específico ou máis transversal.

Recoñecemento á labor da Escola...

- Os **alumnos/as recoñecen a boa labor dos docentes e titores/as** das actividades da EGAP e valoran positivamente a súa claridade á hora de expoñer os contidos, os esforzos por motivar ao alumnado ou a resolución axeitada das dúbidas no tempo establecido. Estes resultados avalan a crecente preocupación da Escola na selección dos formadores e titores que están a participar nas súas accións formativas.
- Os **docentes e titores/as tamén achegan unha valoración moi positiva das actividades formativas nas que participan**. Destacan dos alumnos a motivación e interese pola materia e a aprendizaxe e adquisición de novos coñecementos ou habilidades. Deste xeito, se temos en conta que a principal motivación para realizar un curso é mellorar a formación, pode concluírse que **a Escola está a dar unha resposta satisfactoria ás necesidades do alumnado**, tal e como o confirman os docentes e titores.
- Tamén destaca a **boa valoración que recibe a Escola ante as peticións dos docentes, titores/as e alumnos/as ante calquera imprevisto**.

- O **proceso de inscrición nos cursos** segue sendo un dos piares da xestión da Escola. Este recoñecemento á posta en marcha de novos procesos telemáticos anima á EGAP a seguir investindo nas **novas tecnoloxías** para mellorar os seus servizos.
- O alumnado expresa un **elevado nivel de satisfacción coa teleformación**, outorgando moi boas valoracións naquelas **cuestións que caracterizan a formación on line**: a interacción cos outros alumnos/as e cos titores/as durante o curso e a flexibilidade á hora de abordar os contidos. Cabe destacar, ademais, as altas valoracións que reciben as cuestións referidas á **información** obtida durante a realización do curso. Deste xeito recoñécese o traballo da Escola para que a modalidade de teleformación cumpra cos requisitos exixibles ás actividades formativas da máxima calidade.
- En canto aos resultados obtidos nos cursos **presenciais**, destacan as altas valoracións dos alumnos/as ao **axuste entre os contidos e o obxectivo** do curso; a boa **organización do curso** e a **axeitada profundidade no tratamento dos contidos**.

Traballamos para mellorar os nosos servizos...

- A Escola está a traballar na potenciación dos cursos na modalidade de **teleformación** adquirindo o compromiso de ofertar unha **porcentaxe mínima do total de prazas** nesta modalidade. Ademais, co propósito de garantir o máximo de calidade na realización destes cursos, os titores/as e xestores/as dos cursos en liña acompañarán aos alumnos/as, informándoos e apoiándoos, durante toda a acción formativa na que están a participar.
- A EGAP está a fomentar os **programas de mellora profesional** dirixidos ao persoal responsable da docencia dos cursos, deste xeito quere fomentar a profesionalidade do persoal docente na realización das accións formativas.
- En canto á oferta formativa, manterase a importancia dos **contidos transversais** como son os cursos de ofimática, procedemento administrativo, atención á cidadanía ou e-administración, así como a importancia dos **idiomas**, galego (linguaxe administrativo) e idiomas estranxeiros .

En resumo...

- O nivel de satisfacción coa formación na modalidade presencial e *on line* desenvolvida pola EGAP no ano 2011 é moio alto, tanto para o persoal ao servizo da Administración autonómica, como da Administración local e de xustiza. Neste mesmo sentido, a inmensa maioría dos alumnos/as dos cursos presenciais e de teleformación confirma que o curso lle **serviu para mellorar a súa formación**.
- Ao abeiro da elaboración da **Carta de Servizos de nivel auditado**, a Escola adquire en relación ás actividades formativas unha serie de compromisos concretos que lle axudarán a seguir avanzando no camiño da mellora continua, avaliando a formación impartida segundo criterios obxectivos e fiables que darán unha imaxe da Escola como centro de formación da máxima calidade. Neste sentido, ademais, se está a desenvolver un novo modelo de xestión integrado nas accións de programación, xestión e a avaliación que cumpra cos estándares marcados segundo o **Modelo EFQM de Excelencia** e a **ISO 9001:2008**.

Unidade de Investigación, avaliación e calidade

Correo electrónico: investigacion.egap@xunta.es

Teléfonos: 981 546 245, 981 546 331 ou 981 546 333

Escola Galega de Administración Pública
Rúa de Madrid, 2-4. 15 707 Santiago de Compostela
Páxina web: <http://egap.xunta.es/>